



PRIMEIRO CADERNO DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º ESO

Instrucións:


- As actividades deben resolverse en folios en branco cunha escritura clara e un formato axeitado.
- Valorarase a ortografía e a presentación.
- A data límite para presentar os exercicios é o **8 de xaneiro de 2026**.

1ª UD. O planeta Terra

1. Enumera os planetas do sistema solar. Que posición ocupa a Terra respecto do sol?
2. Explica as características que fan posible o desenvolvemento da vida no noso planeta.
3. Explica a diferenza entre os seguintes termos:
 - a) Hidrosfera e Litosfera
 - b) Paralelo e meridiano
 - c) Latitude e lonxitude
 - d) Solsticio e Equinoccio

4. Sitúa sobre a imaxe os seguintes conceptos:

Ecuador ; Trópico de Cáncer ; Trópico de Capricornio ; Polo Norte ; Polo Sur ; Meridiano de Greenwich ;
Círculo Polar Ártico ; Círculo Polar Antártico




5. Completa as seguintes oracións:

- a) A Terra ten forma esférica, pero non é unha esfera perfecta senón que está _____. Esta forma denomínase _____.
- b) Como consecuencia da rotación da Terra e para conseguir un horario regular, créanse os _____.
- c) A Terra é unha esfera que mide _____° e tarda _____ en completar unha volta sobre si mesma. É dicir, cada hora móvese _____°. Por iso, a esfera terrestre dividiuse en _____ fusos horarios.
- d) Para coñecer a hora nalgún lugar do mundo, tómase como referencia o meridiano _____. A partir deste meridiano, _____ unha hora por cada fuso horario que se recorra cara o Leste e réstase unha hora por cada fuso que se recorra cara o _____.


6. Observa a imaxe e responde as cuestións:

- a) A Terra xira sobre o seu propio eixe, en que sentido?
- b) En que consiste o movemento de rotación? Explícao



- c) Segundo a imaxe, no Hemisferio Norte, en que estación do ano se atopan? Argumenta a túa resposta.
- d) Teñen a mesma estación no Hemisferio Sur que no Norte? Por que?
- e) Ó longo do ano, onde haberá maior diferenza na duración do día e da noite, preto dos polos ou preto do Ecuador? Por que?

7. Observa o mapa e indica as coordenadas xeográficas dos seguintes puntos:



- | | |
|----|----|
| a) | g) |
| b) | h) |
| c) | i) |
| d) | j) |
| e) | k) |
| f) | |

2ª UD. O relevo terrestre

8. Imaxina que vas de viaxe dende o punto A ata o B. Cita, por orde, os continentes e océanos que atravesarías.



9. Explica a diferenza entre os seguintes termos:

a) Chaira e meseta:

b) Illa e península:

c) Cordilleira e dorsal oceánica:

d) Hipocentro e epicentro:

e) Cabo e golfo:

10. Elabora un texto no que expliques en que consiste a teoría da tectónica de placas.


11. Completa as seguintes oracións cunha ou varias palabras:



a) Os _____ son grandes extensións de terra rodeadas por océanos e mares.

b) Distinguímos costas _____, nas que predominan as praias; e costas _____, en que sobresaen os acantilados.

- c) A porción de terra que une unha península ó continente chámase _____.
- d) A foxa mariña máis profunda do planeta (11.000 m) é a _____.
- e) Os volcáns son fendas na _____ polas que se expulsan materiais do interior da Terra a elevadas temperaturas. Estas fendas fórmanse polo _____.
- f) Nun volcán, os materiais quentes do interior da Terra ascenden á superficie pola _____ e saen ó exterior atravesando o _____.
- g) Os materiais expulsados por un volcán poden ser sólidos (cinzas), líquidos (_____) e gasosos.
- h) Os terremotos, tamén denominados _____, son tremores bruscos da codia terrestre, provocados polo choque das placas, os movementos das fallas ou as erupcións volcánicas. Estas sacudidas propáganse en todas as direccións a través das _____.
- i) A máquina que empregan os científicos para medir a magnitude dun terremoto é o _____. A súa intensidade mídese pola escala de _____.
- j) A zona do planeta onde hai unha maior actividade sísmica é o _____.


12. Completa os recadros en branco coas principais formas do relevo terrestre, costeiro e submarino:





13. Completa o mapa do relevo do mundo que se amosa na seguinte páxina cos seguintes accidentes xeográficos:

CORDILLEIRAS	MESETAS E CHAIRAS	CABOS E GOLFOS	ILLAS
Himalaia	Altiplano de Bolivia	Cabo de Boa esperanza	Groenlandia
Montes Atlas	Meseta do Tibet	Golfo de Guinea	Madagascar
Balcáns	Gran Chaira Europea	Cabo de Hornos	Australia
Montañas Rochosas	Grandes Chairas	Golfo de Bengala	Illas británicas
Andes	Mato Grosso	Golfo de México	Borneo



3ª UD. As augas

14. Que porcentaxe de auga cobre o noso planeta? Desá porcentaxe, canta é apta para o consumo humano?

15. Explica a diferenza entre os seguintes termos:

a) Lago e lagoa

b) Cauce e curso

c) Delta e esteiro

d) Corrente e marea

e) Océano e mar

f) Glaciar e iceberg

g) Fonte termal e manancial

16. Explica as diferenzas entre curso alto, curso medio e curso baixo dun río. Cales son as características do río en cada caso?

17. Que tres movementos se producen nas augas mariñas? Explícaos

18. No mapa da seguinte páxina localiza:


MARES	RÍOS	
Caribe	Amazonas	Rin
Mediterráneo	langtsé	Volga
Do Coral	Mississippi	Indo
Do Norte	Danubio	Nilo
Arábigo	Congo	Orinoco
De Tasmania	Ienisei	Murray



4ª UD. Bioclimas


19. Explica a diferenza entre tempo e clima:

20. Interpreta o mapa e responde as preguntas:






- a) En que zonas do planeta se rexistran as temperaturas máis altas? A que se debe?
- b) E as temperaturas máis baixas? A que se debe?
- c) Que significa a liña vermella que atravesa o mapa?

21. Sobre a imaxe, identifica as zonas climáticas da Terra:



22. Atendendo á imaxe, explica as distintas orixes das precipitacións



23. Define os seguintes conceptos:

a) Borrasca:

b) Anticiclón:

c) Isohietas:

d) Temperatura:

e) Presión atmosférica:


f) Isóbaras:

24. Completa a táboa

ELEMENTOS DO CLIMA	DEFINICIÓN	UNIDADE DE MEDIDA	APARELLO DE MEDIDA
Temperatura			
Precipitación			
Presión atmosférica			
Vento			

25. Explica como afectan a latitude, a altitude e a distancia ao mar ás temperaturas e ás precipitacións

26. Observa e responde as cuestións:



- a) Cal é a temperatura media anual?
- b) Como son as temperaturas? defíneas (altas, baixas) e indica se son regulares ou irregulares ó longo de todo o ano
- c) Cal é o total de precipitacións anual?
- d) Como definirías as precipitacións: escasas, moderadas ou abundantes?
- e) As precipitacións son regulares ó longo de todo o ano? Ou irregulares? De ser isto último, especifica en que estación do ano se concentran.
- f) En base ós datos analizados, poderías dicir que tipo de clima representa o climograma?

g) En que zona climática podemos localizar este clima?

h) Que tipo de vexetación se asocia a dito clima?

27. Completa as oracións: [2 ptos]

- a) O aparello que se emprega para medir a presión atmosférica é o _____
- b) As temperaturas son máis elevadas na zona próxima ó Ecuador, xa que os raios solares inciden _____, polo que son máis intensos.
- c) Entre os trópicos e os polos, os raios solares inciden _____, polo que perden intensidade.
- d) As precipitacións mídense cun _____ e exprésanse en _____ (mm) ou en litros por metro cadrado.
- e) O mar é unha fonte de humidade, polo que as precipitacións son máis abundantes na _____ ca _____.
- f) A presión atmosférica exprésase en _____ (hPa) ou _____ (mb).
- g) As zonas que teñen unha presión inferior a 1.013 mb chámanse _____ ou Borrascas e adoitan ter tempo _____ e chuvias. As zonas que teñen unha presión superior a 1.013 mb denomínanse _____ ou Anticiclóns e adoitan orixinar un tempo _____ e seco.

28. Indica a que paisaxe corresponde cada fotografía e xustifica a elección:

